



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

Anuncio

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2024

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2024, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 19 de xullo de 2024, acordou:

Primeiro. Aprobar a resolución provisional da referida convocatoria de subvencións que se mencionan nas listaxes que se anexan, así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes, de acordo cos criterios reflectidos na base 9 da convocatoria, segundo a especificación que consta na acta da Comisión de Avaliación.

Segundo. O presente acordo de carácter provisional terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro. Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo co previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP, para presentar alegacións.

LIÑA 10.2 RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO

1. Listaxe solicitantes aos que se propón a concesión de subvención

Nº	SOLICITANTE	NIF	IMPORTE SOLIC. (€)	ACTIVIDADE	VALORACION (MÁX. 30 PUNTOS)							TOTAL	TOTAL SUBV. CONCEDIDA (€)
					MEMBRO ORG PART. (7 PUNTOS)	CUMPR PLAN ACCIÓN (5 PUNTOS)	CALIDADE E INTERESE (5 PUNTOS)	POBOAC. (5 PUNT)	PROMOC (3 PUNT)	DIA RB (2 P)	VALORACIÓN SOCIAL (3 PUNTOS)		
1	CENTRO RECREATIVO, CULTURAL Y DEPORTIVO DE BAAMONDE	***1236**	3.609,43	Actuacións na RB Terras do Miño en Baamonde 2024 (conservación masas arbóreas, mantemento vallas área recreativa, limpeza río, deseño material divulgativo centro de interpretación)	0	5	5	4	3	2	3	22	2.274,86
2	CAPACES LUGO	***4501**	5.550,00	Programa de educación ambiental para persoas con diversidade funcional, ano 2024 (organización e deseño de ruta adaptada a persoas con TEA e execución de campaña de sensibilización ambiental con diversas actividades, incluíndo gastos de monitores e material funxible)	0	5	5	4	3	0	3	20	2.068,05
3	ASOC DEPORTIVA RIO LADRA	***1634**	7.000,00	Actuacións de acondicionamento e recuperación das marxes fluviais do río Ladra entre a súa desembocadura e o miño de Rebordaos (accións de desbroce e limpeza)	7	3	3	4	1	2	3	23	2.378,26
4	APA DE XERMADE	***0355**	1.000,00	O horto do meu cole (actividade de educación ambiental no colexio de Xermade a través do cultivo de variedades autóctonas)	0	3	3	5	3	2	0	16	1.000,00
5	AMURAXE	***2122**	1.100,00	Obradoiro de cestería artesanal e poda de froiteiras autóctona (1 obradoiro de cestería e 1 obradoiro de poda)	0	3	3	5	3	2	3	19	1.100,00

6	ASOC. DE MULLERES SAN BARTOLOMEU DE INSUA	***3758**	3.000,00	Prácticas de horticultura ecolóxica, plantas medicinais e micoloxía para o coñecemento e conservación do entorno natural (1 curso de agricultura ecolóxica, 1 curso de micoloxía, 1 curso de plantas medicinais e 1 curso de conservas de produtos de horta)	0	5	3	2	2	0	3	15	1.551,04
7	ASOC. CULTURAL ROTEIROS DA CARBA	***4742**	5.831,50	"Unha terra de entroidos". Proxecto divulgación e valorización dos entroidos tradicionais de Xermade (1 roteiro medioambiental, 2 obradoiros de memoria interxeracional e cociña, 1 curso de artesanía, 1 ciclo conferencias, edición libro recopilatorio e material didáctico)	0	5	5	5	3	2	3	23	2.378,26
8	ASOC. MULLERES RURAIS OLVIDO	***2462**	2.276,01	Impartición "Obradoiro restauración de mobles e Ferramentas de campo" (1 obradoiro, incluíndo docencia e materiais)	7	3	1	5	2	0	0	18	1.861,25
9	ASOC EDUCATIVA NENEA MEDRAR CREADO	***4679**	2.169,06	Campamento Nenea: Descubrindo a Reserva da Biosfera Terras do Miño (1 campamento para nenos, incluíndo monitores, formadores e materiais)	0	5	5	1	1	0	3	15	1.551,04
10	SOCIEDADE MICOLOXICA LUCUS	***2729**	4.000,00	XXII Exposición de Cogomelos (1 exposición incluíndo materiais promocionais e displays, transporte, elaboración de contidos, materiais, iluminación e soportes)	7	5	5	1	3	2	3	26	2.688,47
11	ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE	***3292**	5.196,58	Mantemento de rutas de sendeirismo no concello de Castroverde (eliminación maleza e masa forestal, acondicionamento paneis informativos, balizas e postes de madeira, repintado de sinais e marcas)	7	5	5	4	3	2	3	29	2.998,68
12	ASOC CORRIPA	***5068**	4.519,35	A biodiversidade está en xogo na Reserva da Biosfera Terras do Miño (preparación contidos didácticos xogo de mesa, organización concurso escolar, exposición fotográfica, xornadas)	7	3	3	4	3	0	0	20	2.068,05
13	ASOC DE PESCADORES PONTE DE AREAS	***4040**	2.873,75	Conservación do entorno nas marxes do Río Miño Anualidade 2024 (actuacións de roza, limpeza e adecuación das marxes do río e nos camiños tradicionais de acceso ao río)	7	5	3	4	1	2	3	25	2.585,06
14	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS A XUNTANZA DE CASTRO DE REI	***2887**	3.005,56	Curso de cantería tradicional (1 curso incluíndo docencia, materiais para o obradoiro e aluguer instrumental necesario)	7	2	1	3	2	0	3	18	1.861,25
15	ASOC.GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO	***3927**	4.300,00	Fortalecendo a Rede de Custodia Agraria na Reserva da Biosfera Terras do Miño (celebración 3 encontros con produtores, traballos de diagnose e elaboración plan de acción para a rede, incluíndo ponentes, degustacións produtos autóctonos e organización)	7	3	3	5	3	0	0	21	2.171,46
16	CLUB PIRAGUISMO CIUDAD DE LUGO	***1071**	7.000,00	Descobre a natureza nun caic (organización de rutas en caic polo río Miño en 2 tramos, incluíndo monitores e gastos de comunicación e de materiais divulgativos)	7	3	5	3	3	0	3	24	2.481,66
17	AGRUP PRODUCTORAS E PRODUCTORES CARNE ALTA MONTAÑA (APROCAM)	***2564**	3.600,00	Somos o que comemos. Reto para unha alimentación saudable e sostible (12 xornadas de educación ambiental para escolares, incluíndo a coordinación e xestión das actuacións)	0	3	3	4	2	0	3	15	1.551,04
18	ASOCIACIÓN VECINOS SAN COSME DE NETE	***2195**	2.745,00	Obradoiros de aproveitamento de recursos do entorno e recursos sobrantes para alimentación e decoración (3 obradoiros de cociña, cestería e cerámica, incluíndo docencia e materiais)	0	5	3	2	2	0	3	15	1.551,04
19	ASOC MONTES E VALES	***3891**	5.517,60	Cociña Ancares Terras de Burón: sabores do pasado, placeres do presente (2 obradoiros de adultos e 1 obradoiro infantil incluíndo dinamización e coordinación, material e subministrados, visita guiada, certificación e promoción e libros)	7	5	5	5	3	0	3	28	2.895,27
20	MARCHA NÓRDICA NORDIC WALKING LUGO (EN CONSTITUCIÓN)	***6569**	2.500,00	1001 Km percorridos a beira dos muros de xunta seca (organización de 6 rutas, incluíndo seguros, imprenta, locomoción, traballos fotográficos e vídeo, materiais ruta e inscricións)	0	5	5	4	3	2	3	22	2.274,86
21	ASOC CULTURAL MESTURA DE NETE	***8202**	3.350,00	Ciclo de actividades arredor das percusións miúdas e a tradicional oral chairega (5 concertos didácticos e 5 obradoiros sobre cociña, improvisación oral, xoguetes musicais, cantos de taberna e construción do maio, incluíndo docencia e materiais)	0	5	3	2	2	0	3	15	1.551,04
22	ASOCIACIÓN GALEGA DE OPERADORAS ARTESANAIS ALIMENTACION E PENSOS	***7777**	4.750,00	A Artesanía Alimentaria: Unha nova oportunidade para a dinamización da Reserva da Biosfera Terras do Miño (xornada formativa e divulgativa con obradoiros, degustacións, charlas, showcooking, materiais didácticos e difusión)	7	3	3	5	3	2	3	26	2.688,47

23	ASOC. DE VECIÑOS DA PARROQUIA DE SANTIAGO DE SANCOVADE	***3627**	1.888,30	Coñecemos os recursos da parroquia: xornadas de micoloxía, obradoiro de plantas silvestres e obradoiro de plantas medicinais (1 xornada e 3 obradoiros, incluíndo docencia e materiais)	0	5	3	2	3	0	3	16	1.654,44
24	MORCEGOS DE GALICIA	***3166**	4.816,50	Estudo da presenza de especies ameazadas de morcegos en bosques culturais da Reserva da Biosfera Terras do Miño III (traballo de gabinete e de campo, saídas ao campo, creación contidos didácticos, celebración xornada e charla, incluíndo persoal e gastos coordinación)	7	5	5	3	3	2	3	28	2.895,27
25	ASOC COMISIÓN DE FESTAS O PEDREGAL	***5068**	1.900,00	Percurso promocional polas Terras do Miño (itinerarios de tren turístico, incluíndo aluguer de tren, honorarios conductor e material de difusión)	0	3	5	5	3	2	3	21	1.900,00
26	APA DEL C.P.ANTONIO INSUA BERMUDEZ	***1198**	1.300,00	Ampliamos o noso horteiro, curso de apicultura e reciclaxe de papel (1 curso de horto escolar e semillero, 1 curso de apicultura e 1 obradoiro de reciclaxe de papel, incluíndo docencia e materiais)	0	5	3	2	2	0	3	15	1.300,00
27	ASOC. PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA	***0448**	5.500,00	Conservando a paisaxe da Reserva da Biosfera Terras do Miño e o seu patrimonio cultural e natural (1 xornada de reconstrución de valados a xunta seca e 1 xornada de creación e conservación de sebes tradicionais, incluíndo docencia, xantar voluntariado, materiais e contratacións externas)	7	5	5	4	3	2	3	29	2.998,68
28	ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA LIGA SANTABALLESA	***3476**	3.000,00	Limpeza, recuperación e mantemento do conxunto etnográfico do castro, medoña e xardín arbóreo da Casa Museo da Liga Santaballese e impresión de folletos informativos de divulgación (actuacións de desbroce e sega, poda de arbustos, mantemento conxunto etnográfico e edición de material didáctico)	0	5	3	2	2	0	3	15	1.551,04
29	ASOC. GALICIA RURAL	***5183**	4.850,00	Conservación e recuperación da Trabanca e xornadas culturais na contorna do río Requeixo (mantemento presa e muiño, xornadas participación xuvenil, de mulleres, sinalización contorna, exposición, ruta polo río, campaña de difusión)	0	5	5	3	3	2	3	21	2.171,46
													60.000,00 €

2. Listaxe solicitude desestimada porque o importe da subvención a conceder é menor do importe mínimo establecido na convocatoria

1	ANDARELA ASOC DE MULLERES RURAIS	***2807**	919,60	Obradoiros florais para composicións con flores e Verdes silvestres autóctonos (1 obradoiro incluíndo docencia e materiais)
---	----------------------------------	-----------	--------	---

3. Listaxe solicitudes desestimadas por non acadar a puntuación mínima da 1ª fase da valoración

1	ASOC SOCIAL CULT. DOS VECIÑOS DE LANZOS	***3474**	1.400,00	Curso de cantos de taberna (1 curso de duración 4 meses)	0	3	3	2	1	0	3	12
2	AC FOLIADA DE BOSENDE	***5088**	2.750,00	Festival do Parque do Rato (2 actuacións musicais, 1 roteiro ambiental, aluguer de carpa, demostración cestería, degustación produtos autóctonos e seguros)	0	5	1	1	2	0	3	12

4. Listaxe de reserva

Non hai.

LIÑA 10.3 RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES

1. Listaxe solicitantes aos que se propón a concesión de subvención

Nº	SOLICITANTE	NIF	IMPORTE SOLIC. (€)	ACTIVIDADE	VALORACION (MÁX. 30 PUNTOS)							TOTAL	TOTAL SUBV. CONCEDIDA (€)
					MEMBRO ORG PART. (7 PUNTOS)	CUMPR PLAN ACCIÓN (5 PUNTOS)	CALIDADE E INTERESE (5 PUNTOS)	POBOAC. (5 PUNT)	PROMOC (3 PUNT)	DIA RB (2 P)	VALORACIÓN SOCIAL (3 PUNTOS)		
1	ASOC. CASTAÑO Y NOGAL	***3868**	2.835,75	Actuacións de mantemento e conservación da ruta de sendeirismo Quintá-Río Donsal (accións de desbroce, limpeza e mantemento da ruta)	0	5	3	4	1	0	3	16	2.676,37
2	ASOC. CULTURAL DEPORTIVA CHAO DE SEBES	***4543**	6.555,00	Musical Gastronómico Xatagaíta 2024 (alugueres carpa, escaqueo, alumeadado, equipo de son e técnico e mobiliario interior)	7	3	3	4	3	0	3	23	3.847,27

3	ASOC.GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO	***3927**	3.470,00	Descuberta de Biodiversidade nos Ancares: Bioblitz de Piornedo 2024 (2 xornadas de ciencia cidadá con visita a Piornedo e degustación de produtos)	7	5	3	5	3	0	0	23	3.470,00
4	ASOC. CULTURAL O TEIXEIRO	***0382**	4.780,40	Páxina web do Monte de Piornedo (mantemento de páxina web existente www.descubrepiornedo.org)	7	3	3	5	1	0	3	22	3.680,00
5	ASOCIACIÓN SER	***4982**	3.990,00	Filandón familiar (2 xornadas lúdicas, educativas e de convivencia para familias)	7	5	3	5	3	0	3	26	3.990,00
6	ASOC TEITOS DE PIORNEDO (EN CONSTITUCIÓN)	***5033**	5.356,67	Curso de teitado (1 curso de iniciación e 1 curso de perfeccionamento de teitado práctico)	7	3	3	5	1	0	3	22	3.680,00
7	ASOC CORRIPA	***5068**	4.519,35	A biodiversidade está en xogo (preparación contidos didácticos xogo de mesa, organización concurso escolar, exposición fotográfica, xornadas)	7	3	3	5	3	0	0	21	3.512,73
8	APA DO CPI CERVANTES	***4453**	4.284,56	IV Xornada da degustación de Tenreira de Ancares (organización e desenvolvemento da xornada incluíndo produtos agroalimentarios, recursos materiais e humanos e seguros)	7	3	3	5	1	0	3	22	3.680,00
9	ASOC XUVENIL CULTURAL A CAMELA (EN CONSTITUCIÓN)	***5087**	5.238,20	Recuperación da Romaría en Cereixedo (actuacións musicais, obradoiro de cestería e actividades para nenos, publicidade, materiais e seguros)	7	5	5	5	3	2	3	30	5.018,18
10	ASOCIACION RENTE AO COUCE	***5137**	4.138,20	Feira do 12 (xestión do evento, aluguer mobiliario, publicidade, charlas, actuacións musicais, obradoiros para nenos e xantar)	7	3	3	4	2	0	3	22	3.680,00
11	ASOC MONTES E VALES	***3891**	5.517,60	Cociña Ancares Terras de Burón: sabores do pasado, praceres do presente (2 obradoiros de adultos e 1 obradoiro infantil incluíndo dinamización e coordinación, material e subministrados, visita guiada, certificación e promoción e libros)	7	5	5	4	3	0	3	27	4.516,36
12	MARCHA NÓRDICA WALKING LUGO (EN CONSTITUCIÓN)	***6569**	2.500,00	1001 Km percorridos a beira dos muros de xunta seca e nos Grobos Agüeira-Cruzul (organización de 2 rutas, incluíndo seguros, imprenta, locomoción, traballos fotográficos e vídeo, materiais ruta e inscricións)	0	5	5	5	3	2	3	23	2.500,00
13	SOCIEDADE MICOLÓXICA LUCUS	***2729**	1.400,00	Divulgación dos valores naturais, culturais e etnográficos da RB dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (organización de ruta medioambiental, ruta sonora con representación didáctica, cultural e etnográfica, transporte e material divulgativo)	7	5	5	5	3	2	3	30	1.400,00
14	ASOCIACIÓN GALEGA DE OPERADORAS ARTESANAIS ALIMENTACION E PENSOS	***7777**	4.750,00	A Artesanía Alimentaria: Unha nova oportunidade para a dinamización da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses (xornada formativa e divulgativa con obradoiros, degustacións, charlas, showcooking, materiais didácticos e difusión)	7	3	3	5	3	2	3	26	4.349,09
													50.000,00 €

2. Listaxe solicitudes desestimadas por non considerarse gastos subvencionables

1	ASOC VECIÑAL IRMANDADE NAVIEGA	***5161**	5.700,00	EIQUÍ NAVIA: elaboración dun audiovisual para poñer en valor o máis noso (elaboración dun documental curto de 15-30 minutos)
---	--------------------------------	-----------	----------	--

3. Listaxe solicitudes desestimadas por non acadar a puntuación mínima da 1ª fase da valoración

Non hai.

4. Listaxe de reserva

Non hai.

De acordo co punto 10 RESOLUCIÓN E COMUNICACIÓN das bases da convocatoria, respecto ao acordo de resolución provisional:

*“Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 (LPACAP), o acordo de resolución provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP, concedendo un **prazo de dez días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP.*

Así mesmo o acordo de resolución provisional tamén será obxecto de publicación na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal.

Se neste prazo algún interesado presentase a súa renuncia á subvención concedida nesta resolución provisional, o crédito que quede dispoñible poderá repartirse entre o resto de solicitantes propostos provisionalmente como beneficiarios dunha subvención. Este reparto realizarase proporcionalmente aos puntos acadados por cada un na valoración da súa solicitude, respectando o importe mínimo e máximo establecido nesta convocatoria, así como o importe da subvención solicitada por cada entidade.

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Así mesmo o citado anuncio tamén será obxecto de publicación e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal.”

O que se notifica aos efectos oportunos, de acordo coas previsións das bases e o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), facendo saber que contra esta resolución, por tratarse dun acto de trámite, non caberá recurso ningún en virtude do establecido no artigo 112 da LPACAP, sen prexuízo de que realicen cantas alegacións estimen pertinentes en favor dos seus dereitos e intereses lexítimos.

Lugo, 22 de xullo de 2024.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2206

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO - SECCIÓN DE FOMENTO

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA PRESIDENCIA (SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO - SECCIÓN DE FOMENTO) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2024

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dase publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas pola Presidencia (Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento) da Deputación Provincial de Lugo, no segundo trimestre do ano 2024:

ÁREA PES (2023 - 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPO SUBV.	OBXECTO / ACTIVIDADE	APLIC. ORZ	IMPORTE SUBV	Nº ANOS	ÓRGANO DE APROBACIÓN
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	CÍRCULO DE LAS ARTES	G27006238	Nominativa	Gastos de funcionamento	9250.48900	6.000,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	COLEGIO PROVINCIAL DE SECRETARIOS, INTERVENTORES Y DEPOSITARIOS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE LUGO	Q2766006G	Nominativa	Gastos de mantemento	9250.48900	8.000,00 €	1	Presidencia

Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOCIACIÓN TERRITORIO VERDE	G67206433	Nominativa	Feira en defensa do gandeiro da montaña de Cervantes	9250.48900	6.000,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	REAL AERO CLUB	G27008341	Nominativa	Criterium aeronáutico	9250.48900	10.000,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA MUIMENTA	G27109099	Excepcional	Adquisición de equipo cortacésped robótico, instalación e posta en funcionamento	9250.789	8.130,10 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOCIACIÓN CULTURAL RECHOUCHÍOS	G27464411	Excepcional	Elaboración dun fondo de pezas de indumentaria de traxe tradicional galego	9250.789	12.000,00 € 2024: 4.000,00 € 2025: 4.000,00 € 2026: 4.000,00 €	3	Presidencia

Lugo, 18 de xullo de 2024.- "O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón".

R. 2195

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Por resolución de Alcaldía de data 18.07.2024, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de xuño de 2024 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 5.918,91€ e o programa básico de axuda no fogar por un importe de 160€.

Por medio do presente expónse público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 10 de xuño de 2024.- O Alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 2198

Anuncio

Información pública

Aprobándose por resolución da alcaldía de data dezoito de xullo de dous mil vinte e catro os padróns que a continuación se relacionan, e expónse o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil vinte e catro.
- Taxa por recollida de lixo correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil vinte e catro.
- Taxa pola rede de sumidoiro correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil vinte e catro.
- Taxa canón de auga da Xunta de Galicia correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil vinte e catro.
- Taxa de autoconsumos de auga correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil vinte e catro.

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr. Alcalde-presidente do Concello de Begonte.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a través de Servicio Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canón da auga da Xunta de Galicia no período voluntari o sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Begonte, 18 de xullo de 2024.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 2199

BÓVEDA

Anuncio

Visto que o Concello de Bóveda, en sesión celebrada polo Pleno do Concello o día 27 de marzo de 2015, aprobou o Regulamento da Sede Electrónica e o Rexistro Electrónico do Concello de Bóveda, publicado no BOP da provincia de Lugo núm. 153 de data 6 de xuño de 2015.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm.: 2024-0421, do 19/07/2024, acordouse rectificar o erro material existente no punto segundo do Decreto de Alcaldía núm.: 2018-0202 do 23/04/2018 no que se aproba a entrada en funcionamento da sede electrónica e do rexistro electrónico, **onde di:**

“SEGUNDO. *O enderezo de referencia da sede electrónica do concello é:*

www.concellodeboveda.sedelectronica.es.”

Debe dicir:

“SEGUNDO. *O enderezo de referencia da sede electrónica do concello é:*

www.concellodeboveda.sedelectronica.es.

Bóveda, 19 de xullo de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López.

R. 2200

CERVO

Anuncio

NOMEAMENTO DUN OFICIAL 1ª LIMPEZA VIARIA, COMO PERSOAL LABORAL FIXO. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 12.3 das bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 (BOP de Lugo núm. de 31/05/2022), faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2024-0713 de data 19/07/2024, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo

para prestar servizos na praza de OFICIAL 1ª LIMPEZA VIARIA, do concello de Cervo, grupo profesional AP, xornada a tempo completo, ao seguinte aspirante:

D. JOSÉ LUÍS TORREIRA RIVAS, DNI ***7441**.

A formalización do preceptivo contrato laboral que deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Cervo, 22 de xullo de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2207

Anuncio

NOMEAMENTO DE CONSERXE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E MUNICIPAIS, COMO PERSOAL LABORAL FIXO. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 12.3 das bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 (BOP de Lugo núm. de 31/05/2022), faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2024-0714 de data 19/07/2024, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos na praza de CONSERXE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E MUNICIPAIS, do concello de Cervo, grupo profesional AP, xornada a tempo completo, ao seguinte aspirante:

Don José Manuel Basanta Fernández, DNI ***9195**.

A formalización do preceptivo contrato laboral que deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Cervo, 22 de xullo de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2208

Anuncio

NOMEAMENTO DE CINCO PRAZAS DE PEÓN SANEAMENTO E RECOLLIDA DE LIXO, COMO PERSOAL LABORAL FIXO. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 12.3 das bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 (BOP de Lugo núm. de 31/05/2022), faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2024-0711 de data 19/07/2024, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos en cinco prazas de PEÓN/A SANEAMENTO E RECOLLIDA DE LIXO, do concello de Cervo, grupo profesional AP, xornada a tempo completo, aos seguintes aspirantes:

D. JOSÉ MANUEL MÉNDEZ LÓPEZ, DNI ***8278**.

D. ABEL ORDAS DÍAZ, DNI ***3761**.

D. ROBERTO SÁNTOS GUTIÉRREZ, DNI ***3394**.

D. DAVID TORVISCO SARMIENTO, DNI ***3829**.

D. RAFAEL VILLAR CABARCOS, DNI ***3612**.

A formalización do preceptivo contrato laboral que deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Cervo, 22 de xullo de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2209

Anuncio

NOMEAMENTO DUN OFICIAL 1ª SERVIZO DE OBRAS, COMO PERSOAL LABORAL FIXO. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 12.3 das bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 (BOP de Lugo núm. de 31/05/2022), faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2024-0716 de data 19/07/2024, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos na praza de OFICIAL 1ª SERVIZO DE OBRAS, do concello de Cervo, grupo profesional AP, xornada a tempo completo, ao seguinte aspirante:

D. GERICKE BEKKER, GERHARDUS ISIAS, DNI ***8379**.

A formalización do preceptivo contrato laboral que deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Cervo, 22 de xullo de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2210

Anuncio

NOMEAMENTO DE TRES PEÓNS/AS ALBANEL, COMO PERSOAL LABORAL FIXO. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 12.3 das bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 (BOP de Lugo núm. de 31/05/2022), faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2024-0717 de data 19/07/2024, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos nas prazas de PEÓN/A ALBANEL, do concello de Cervo, grupo profesional AP, xornada a tempo completo, aos seguintes aspirantes:

D. WANDER HERALDO CAMPINA DA SILVA, DNI ***4445**.

D. JUAN JOSÉ FRANCO VÁZQUEZ, DNI ***9445**.

D. JUAN CARLOS LÓPEZ DÍAZ, DNI ***9948**.

A formalización do preceptivo contrato laboral que deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Cervo, 22 de xullo de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2211

Anuncio

NOMEAMENTO DUNHA SOCORRISTA PERSOAL APOIO PISCINA MUNICIPAL, COMO PERSOAL LABORAL FIXO. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 12.3 das bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 (BOP de Lugo núm. de 31/05/2022), faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2024-0719 de data 19/07/2024, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos na praza de SOCORRISTA PERSOAL APOIO PISCINA MUNICIPAL, do concello de Cervo, grupo profesional AP, xornada a tempo completo, á seguinte aspirante:

Dona María Rocío Cabaleiro Martínez, DNI ***9598**..

A formalización do preceptivo contrato laboral que deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Cervo, 22 de xullo de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2212

CHANTADA

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL, DE UN/HA PSICOLOGO/A PARA O 2024, O ABEIRO DA ORDE DO 6 DE SETEMBRO DO 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REXERAN A CONCESION DE SUBVENCIONS A ENTIDADES LOCAIS PARA PROGRAMAS DE EMERXENCIA SOCIAL E INCLUSION SOCIAL.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da convocatoria é a contratación con carácter temporal mediante a modalidade de **contrato de duración determinada por políticas activas de emprego e inserción social** dun posto de psicólogo/a, ó abeiro da Orde do 6 de setembro do 2023 publicada no dog nº 177 do 18 de setembro de 2023, da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia relativa a *concesión de subvencións a entidades locais para programas de emerxencia social e inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, para os anos 2023 a 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS623C).*

1.1. FUNCIÓNS.

A persoa seleccionada desempeñará as funcións propias da súa categoría e grupo profesional adscrito/a aos correspondentes servizos municipais, sendo entre outras as súas funcións:

- Ofrecer un recurso de acompañamento psicolóxico para familias dende o enfoque da terapia sistémica, promovendo dinámicas de coidado e bo trato sobre a infancia e a adolescencia.
- Crear un espazo de acompañamento psicolóxico para os nenos, nenas e adolescentes que están ou estiveron no sistema de protección, con fin de mellorar a súa resiliencia e vinculación, reparando as consecuencias da desprotección, o maltrato, o abuso e o trauma infantil.
- Promover espazos de encontro para familias onde poder formular e xestionar as necesidades, motivacións e intereses arredor do seu proxecto de construción de familia, da relación pais/fillos, do seu momento vital, etc.
- Axudar ós/as adolescentes no desenvolvemento dos seus valores, actitudes e crenzas, así como na construción da súa nova identidade, na que se establecen novos patróns de relación tanto cos adultos/as como cos/as iguais e o entorno social.
- Coordinación cos profesionais implicados no proceso de intervencións dos menores: pediatría, neonatoloxía, servizos sociais, servizos educativos, etc.
- Elaboración de protocolos de valoración específicos.
- Elaboración de documentos de apoio e o plan de acción anual e memoria de actuacións.

1.2.- REMUNERACIÓN:

Concepto	Importe mensual €
Salario base	1.784,27 €/mes.
PP extras	297,38 €/mes.
TOTAL	2.081,65 € brutos/mes.
Cota Seguridade social	693,81 €/mes.
Indemnización fin contrato	69,39 €/mes de contrato.

2.- NORMAS DE APLICACIÓN.

Serán de aplicación a Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, por o que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, o Real Decreto 861/86, de 25 de abril, por o que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local, a Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, en aqueles preceptos que manteñan a súa vixencia, o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, e a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións

Públicas. E de forma supletoria, serán de aplicación o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da administración xeral do estado, así como demais normativa de aplicación.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos neste proceso de selección as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional doutros estados nos termos do artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación do organismo competente.
- c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes función.
- f) Non atoparse en situación de incapacidade ou incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente.
- g) Carecer de antecedentes no Rexistro Central de delincuentes sexuais.
- h) Estar en posesión do permiso de conducir.
- i) Estar en posesión do certificado de lingua galega (CELGA 4) OU EQUIVALENTE. No caso de que non se posúa haberá que superar unha proba de coñecemento da lingua galega.
- k) Estar en posesión da seguinte titulación, ou en disposición de obtela, na data en que remate o prazo de presentación de instancias:

- **Licenciado ou grao en Psicoloxía.**

4.- SOLICITUDES.

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida o Sr. Alcalde-Presidente do Concello na que manifestarán ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego convocado ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

O prazo de presentación de instancias será de 10 días hábiles, que comezarán a contar a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP de Lugo; publicarane as presentes bases no diario El Progreso de Lugo, no taboleiro de anuncios dos Concellos que forman a agrupación e na web do Concello de Chantada: www.concellodechantada.org

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I. Pasaporte, permiso de conducir, tarxeta de residencia ou calquera outro documento en vigor que acredite a súa identidade.
- Acreditación da titulación académica esixida.
- Fotocopia do permiso de conducir en vigor
- Documento acreditativo do Celga 4. Para as persoas que non presenten acreditación, farase unha proba escrita.
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse.
- Vida laboral.
- Certificado negativo de delitos sexuais de acordó co disposto no artigo 135 na Lei Orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro de Protección xurídica do Menor, de Modificación do Código Civil e da Lei de Enxuízamento Civil.

Cando a solicitude non se faga directamente no Concello de Chantada, deberá anunciarse a súa chegada a través do correo electrónico: persoal@concellodechantada.org, antes da data límite de presentación de solicitudes, remitindo o anexo I debidamente cumplimentado e co selo de entrada no rexistro correspondente.

5.- ADMISION DE SOLICITUDES.

Rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterà:

- Lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación de ser o caso, do motivo de exclusión.
- Designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- Data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos, a proba escrita e de ser o caso a proba de galego.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina Web: www.concellodechantada.org

Durante dous día hábiles seguintes a publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, únicamente os/as excluídos/as poderán solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automáticamente.

As reclamacións se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública da Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión

6. – TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Órgano de selección que, valorará os méritos e xulgará os exercicios do proceso selectivo, na súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O órgano de selección estará composto polo presidente/a, o secretario/a e tres vogais así como os respectivos suplentes.

Todos os membros do órgano de selección deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixida para acceder ao emprego, e ser persoal laboral ou funcionario de carreira ó servizo da Administración Local ou Autonómica.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo exercerse esta en representación ou por conta de ninguén.

A Presidencia coordinará a realización das probas e do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates nas votacións co seu voto de calidade. Todos os membros do órgano de selección terán voz e voto, excepto o Secretario, que terá voz e non voto, salvo no suposto no que o Tribunal, por ausencia dalgún dos seus membros titulares e suplentes, estea composto por número par.

Para a válida constitución do órgano requirirase a presenza do Presidente e o Secretario, ou se é o caso, de quen os substitúa, e da metade, polo menos, dos seus vogais e suplentes indistintamente. Corresponderalle dilucidar as cuestións expostas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo seu bo desenvolvemento, cualificar as probas establecidas e aplicar o baremo correspondente establecido por dito órgano colexiado antes do inicio de ditas probas, tendo ademais competencia e autoridade para resolver cantas incidencias se presenten no proceso selectivo e se atopen previstas nas presentes bases.

O órgano de selección, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para todas ou algunhas das probas, asesorando ao órgano de selección exclusivamente no exercicio da súa especialidade técnica, actuando con voz e sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas nos citados artigos da Lei 40/15. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O órgano de selección resolverá todas as cuestións derivadas da aplicación das bases deste convocatoria durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velará polo seu bo desenvolvemento, cualificará as probas establecidas e aplicará o baremo correspondente.

As presentes bases interpretaranse no sentido finalista que mellor garanta a preservación dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Contra os actos e decisións do órgano de selección engadidas as peticións de revisións de exames, cualificacións e impugnación de preguntas, así como as que imposibiliten a continuación do procedemento para o interesado ou produzan indefensión e se fundamenten en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase interpor polo/a interesado/a recurso de alzada contra o Alcalde- Presidente de conformidade co establecido no artigo 121 da citada lei e iso sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

PAGAMENTO DE ASISTENCIAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DOS MEMBROS DO TRIBUNAL.

Os membros do Tribunal de selección, así como os asesores ou colaboradores que puideran incorporarse a este, so terán dereito, pola súa concorrencia ás distintas sesións que se produzan en distintos días, a percibir as axudas de custo por asistencia de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sempre e cando exista una proba no proceso de selección.

7.- SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION

O sistema de selección será o de CONCURSO-OPOSICION

FASE DE CONCURSO, consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:

EXPERIENCIA PROFESIONAL: por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e función ao emprego que se opta, ata un máximo de 5 puntos:

- a) Por servizos prestados en calquera administración pública con menores e/ou familias con menores : 0,04 puntos/mes.
- b) Por servizos prestados en empresas privadas con menores e/ou familias con menores : 0,02 puntos/mes.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

A xustificación deste apartado farase:

- No caso de traballador por conta allea: coa presentación de copia cotexada de contratos de traballo, Informe de Vida Laboral e Certificado de epígrafes do IAE.
- No caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral.
- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

ACCIONS FORMATIVAS

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de accións formativas será de 3,00 puntos.

Accións formativas específicas relacionadas co emprego a desenvolver:

- a) Cursos de máis de 300 horas: 0,60 puntos/curso.
- b) Cursos de 101 horas a 300 horas: 0,50 puntos/curso.
- c) Cursos de 51 a 100 horas: 0,25 puntos/curso.
- d) Cursos de 10 a 50 horas: 0,15 puntos/curso.

Neste apartado presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade.

NOTA: Os cursos deberán estar realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, Organizacións sindicais, e outros homologados pola Administración Pública.

FASE DE OPOSICION (COMUN A TODOS OS EMPREGOS):

Consistirá un cuestionario tipo test de corenta preguntas e catro de reserva, con varias respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo III destas bases. Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de cinco puntos para a súa superación. Cada resposta correcta puntuará 0,25 puntos, descontando 0,05 puntos por cada resposta errónea e non se contabilizarán as preguntas non contestadas.

O exercicio terá unha duración de 60 minutos.

PROBA DE GALEGO:

Será obrigatoria para aqueles aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do certificado de CELGA 4.

Coa finalidade de cumprir con previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido la Lei da función pública de Galicia; este exercicio consistirá na tradución, sen diccionario dun texto de castelán ao galego e/ou do galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para supéralo o resultado de apto.

8.- PUBLICACION DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicandoo no taboleira de anuncios.

En caso de empate, o desempate realizarase en primeiro lugar, a favor da persoa que obtivera unha maior puntuación na fase de oposición; no caso de persistir o empate, este dirimirase a favor daquela persoa que posúa maior experiencia profesional relacionada co emprego a desenvolver, primeiro valorando a adquirida na administración pública e logo a da empresa privada e se persite o empate este dirimirase en base as acción formativas e por último se fose necesario farase un sorteo público.

9.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Visto os resultados das probas, realizadas as valoracións o órgano de selección formulará proposta de contratación, sen que esta poda superar o número de postos convocados e formulará a correspondente proposta de contratación das persoas candidatos remitíndose a mesma, á Alcaldía. A contratación será efectuada polo Sr. Alcalde asinándose o correspondente contrato laboral. A relación dos candidatos que serán contratados se cumpren o previsto na base seguinte, asinada pola Alcaldía, será publicada no taboleiro de anuncios do Concello. Os restantes candidatos, pola orde decrecente da puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o seleccionado cese no seu posto de traballo antes do remate do contrato e polo tempo que reste para o cumprimento do mesmo.

10.- ACHEGA DE DOCUMENTOS

Os/as aspirantes propostos/as presentarán na Secretaría do Concello nos tres días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- a) Copia autenticada do DNI.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo de alquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- d) Copia tarxeta santiaria e certificado do número de conta.

11.- RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Os aspirantes propostos polo Tribunal e unha vez comprobado que reúnen os requisitos esixidos para o contrato, o Sr. Alcalde-Presidente ditará decreto resolvendo a contratación e formalizará cos seleccionados o correspondente contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable e presentarán **no prazo de un día hábil** a contar dende o día seguinte a publicación da proposta polo Tribunal da súa contratación:

12.- BOLSA DE TRABALLO

Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de traballo para as futuras contratacións que resulten necesarias a fin de cubrir vacantes temporalmente ordenadas segundo a puntuación obtida.

O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co Concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que conorra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.

- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

Esta bolsa de emprego terá unha vixencia de catro anos, contados dende a data da resolución de aprobación das presentes bases.

13.- NORMATIVA E IMPUGNACIÓN.

No non sinalado nas presentes Bases de selección estarase ó previsto na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose ós órganos competentes da Xurisdición Contencioso-administrativa para dirimir as controversias que poidan producirse na aplicación destas bases.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados/as lexitimados/as os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios. Se transcorrera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpoñer recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Chantada, 22 de xullo de 2024.- O Alcalde, P. D, Manuel Diéguez Carballo.

ANEXO I - MODELO DE INSTANCIA

D./D^a _____, con DNI núm. _____,
número de teléfono _____, con domicilio a estes efectos en _____

e dirección de correo electrónico _____, expón:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Chantada para cubrir, como persoal laboral de duración determinada, unha praza sinalada con unha (X):

PSICOLOGO/A.

Tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Copia cotexada do carné de conducir.
- Declaración responsable

En _____, a _____ de _____ de 2024,
O/A Solicitante

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA

ANEXO II - MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./D^a _____, con DNI núm. _____,
número de teléfono _____, con domicilio a estes efectos en _____

e dirección de correo electrónico _____, expón:

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de PSICOLOGO/A, **o abeiro da orde do 6 de setembro do 2023 pola que se establecen as bases que rexeran a concesion de subvencions a entidades locais para programas de emerxencia social e inclusion social.**

PSICOLOGO/A.

e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

A) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

B) Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

C) Cumpro os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

En _____, a _____ de _____ de 2024,

O/A Solicitante

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA

ANEXO III – TEMARIO

- 1.- A Constitución española do 1978. Estrutura. Preámbulo, Título preliminar. Capítulo I, dereitos e liberdades.
- 2.- Organización territorial do estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma.
- 3.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- 4.- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- 5.- O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. O empadramento.
- 6.- O municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.
- 7.- O persoal ao servizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Dereitos e deberes. Incompatibilidades.
- 8.- A comarca de Chantada. Demografía, territorio, características socioeconómicas.
- 9.- A Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- 10.- Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia.
- 11.- Lei 39/2016 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de dependencia.
- 12.- Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento: obxecto, natureza e dereitos e deberes das persoas usuarias.
- 13.- Lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia.
- 14.- Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- 15.- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor. A protección de menores: o desamparo e a tutela administrativa. A garda administrativa. Os equipos técnicos do menor: características. Metodoloxía de intervención.
- 16.- Diversidade funcional. Tipoloxía. Recoñecemento do grao de discapacidade. Recursos orientados á prevención e ao tratamento
- 17.- Habilidades básicas na entrevista en intervención familiar. Técnicas de entrevista.
- 18.- Psicopatoloxía xera. Principais tipoloxías. Características e abordaxes básicas.
- 19.- As neuroses. Conceptos e clasificacións básicas. Abordaxes básicas.
- 20.- As psicoses. Conceptos e clasificacións básicas. Abordaxes básicas.
- 21.- Os trastornos de ansiedade. Definición. Tipos. Abordaxes básicas.
- 22.- Os trastornos do estado de ánimo. Definición. Tipos. Abordaxes básicas.
- 23.- A depresión. Definición. Tipos. Intervencións e recomendacións de abordaxes básicas.
- 24.- Conceptos básicos de avaliación psicolóxica. Modelos, técnicas e procedementos básicos da avaliación.
- 25.- O informe psicolóxico. Aspectos xerais. Tipos. Estrutura básica.
- 26.- Terapia breve e intervención en crise, como métodos de intervención social. Técnicas.
- 27.- O sistema familiar. Estrutura e funcións. O ciclo vital familiar e crises evolutivas asociadas. Ruptura familiar e de parella. O dó: tipos de perdas. Orientación e consello psicolóxico.
- 28.- Técnicas de regulación emocional. As técnicas de relaxación. Tipos. Principais métodos de aplicación. A parada de pensamento.
- 29.- O menor como vítima da violencia de xénero. Acompañamento psicolóxico a fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero. Características básicas e principios de actuación.
- 30.- Os malos tratos á infancia: definición, tipoloxías, factores de risco, detección de proceso de intervención psicossocial básica ante o maltrato infantil.
- 31.- O colectivo LGTBIQ+. Violencias e lgbifobia. Violencia intraxénero. Conceptos básicos de atención, información e asesoramento. Os centros quérote.

O CORGO

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos con número 4/2024, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de setenta e cinco mil euros (75.000,00 €), terceiro de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o catorce de xuño de dous mil vinte e catro, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.428.261,10.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.545.798,35.-
3.- Gastos financeiros.....	5.042,90.-
4.- Transferencias correntes.....	33.012,14.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Investimentos reais.....	1.099.975,60.-
7.- Transferencias de capital.....	9.567,61.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	4.121.657,70.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 18 de xullo de 2024.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 2201

MEIRA

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN E ELECTRIFICACIÓN DA AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE MEIRA**

Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Meira de data 08.07.2024 e de conformidade co disposto no artigo 96 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobouse inicialmente o proxecto de urbanización e electrificación da ampliación do Parque Empresarial de Meira-Polígono C a instancia de Xestur, SA (CIF A-70392758).

Sométese a información pública devandito expediente polo prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e nun dos xornais de maior difusión na provincia, de conformidade co disposto no artigo 226.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo.

Durante o devandito período poderanse formular as alegacións que se estimen pertinentes, atopándose o expediente de manifesto nas dependencias deste Concello, en horario de atención ao público.

Meira, 19 de xullo de 2024.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2202

OUIROL*Anuncio*

O Pleno do concello de Ouiról, en sesión extraordinaria celebrada o día dezanove de xullo de dous mil vinte e catro, aprobou inicialmente o expediente de modificación do orzamento 2024, crédito extraordinario/suplemento de crédito, con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería polo importe de cento corenta e dous mil vinte e catro euros con cincuenta e sete céntimos, (142.024,57 €). En cumprimento do disposto no artigo 177.2, en relación co 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, coa finalidade de que durante este período de tempo, que comezará a contar dende o día seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se estimen pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Ouiról, dezanove de xullo de dous mil vinte e catro.- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2203

RIBADEO*Anuncio***CONVOCATORIA****BASES PARA A SELECCIÓN DE UN TÉCNICO DINAMIZACIÓN SOCIECONOMICA. LABORAL TEMPORAL****PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024. Plan único da Deputación Provincial de Lugo****1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.-**

É obxecto das presentes bases a cobertura de persoal con carácter laboral temporal de **1 TÉCNICO DINAMIZACIÓN SOCIECONOMICA LOCAL** dentro do programa de "Reforzo do Emprego 2024" do Plan Único da Deputación Provincial de Lugo.

2.FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO E TIPO DE CONTRATO LABORAL.

As funcións obxecto do contrato serán as propias dun Técnico medio dinamizador e promotor socioeconómico local.

Esta contratación laboral temporal inclúese dentro do Programa de Reforzo do Emprego 2024 do Plan Único da Deputación Provincial, sinalándose a estes efectos as seguintes funcións:

- Apoio en traballos diarios na Área de Economía, Desenvolvemento Local e Turismo.
- Asesoramento, fomento e mellora da actividade empresarial no sector do comercio de proximidade.
- Traballos de apoio no desenvolvemento de campañas de dinamización comercial así como asesoramento para a transformación dixital de autónomos e deseño de estratexias de marketing dixital.
- Deseño e impartición de accións de formación e asesoramento individual e grupal a pemes e autónomos/as

Todo o anterior dentro do marco de reforzo dos traballos ligados ao sector turístico crecente neste Concello e que aínda coas previsións de persoal propio da Corporación a través das ofertas de emprego público cursadas así como dos procesos de estabilización ocasionan un incremento ocasional e imprevisible nesta actividade.

O tipo de contrato de traballo temporal formalizarase na modalidade de **circunstancias da produción, por 6 meses e xornada completa (art.15 do ET).**

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

Reservarase unha cota non inferior ao sete por cento das vacantes ofertadas para ser cubertas entre persoas que acrediten posuír unha discapacidade de grao igual ou superior ao trinta e tres por cento.

A reserva do mínimo do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

A opción a quenda de reserva deberá facerse constar na solicitude de participación polo interesado.

Os aspirantes que opten pola quenda de reserva deberán superar as mesmas probas selectivas que as fixadas para o resto dos aspirantes. Nas probas selectivas, incluídos os cursos de formación e os períodos de prácticas, estableceranse as adaptacións e axustes razoables de tempo e medios que sexan necesarios para a súa realización polas persoas con discapacidade, sempre que así o soliciten, a fin de garantir que participan en condicións de igualdade cos demais aspirantes. Estas persoas concorrerán en quenda separada dos demais aspirantes sempre que así se xustificase para o mellor desenvolvemento das súas probas selectivas.

En todo caso o grao de discapacidade que resulte acreditado deberá ser compatible co desempeño das tarefas e funcións correspondente ao posto ofertado.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Xerais:

Para tomar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

b) Específicos:

Será requisito imprescindible estar en posesión dalgunha titulación universitaria (Grao, diplomatura, etc.) en Relacións Laborais, Ciencias Empresariais, Ciencias Económicas, Socioloxía, Ciencias Políticas, Administración de Empresas, Relacións Públicas, Marketing, Xornalismo, Comunicación Audiovisual e comunicación.

c) Dereitos de Exame:

Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ingresar na conta bancaria a nome do Concello IBAN nº ES40 0081 5420 3100 0100 0705 a taxa por dereitos de exame prevista na Ordenanza municipal T7 da taxa por expedición de documentos, epígrafe 8º (BOP de Lugo nº 177 de data 04/08/2022) **por importe de 20,00 €**, debendo aportar xustificante deste ingreso xunto coa solicitude de participación.

É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que **a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.**

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario interino, no seu caso.

4. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.-

A) Fase de oposición:

1.- Proba de coñecementos: Consistirá nun exercicio tipo test de 20 preguntas que versará sobre as materias sinaladas no temario que se inserta a continuación.

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos. Cada resposta acertada terá un valor de 0,50 puntos.

Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.

Por cada dúas respostas incorrectas (mal contestadas) descontarase unha.

As respostas en branco ou non contestadas non descontarán.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

TEMARIO

Parte Xeral

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: Estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.-O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración Pública. A Administración Xeral do Estado.

Tema 3.- As Comunidades Autónomas. A Comunidade autónoma de Galicia. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 4.- A Administración Local. As Entidades Locais. Clases. Competencias. Organización: órganos necesarios e órganos complementarios.

Tema 5.- O Municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento.

Tema 6.- O Persoal ao servizo da Administración Local. Dereitos e deberes dos funcionarios.

Tema 7.- O municipio de Ribadeo. Estrutura. Parroquias. Lugares de interese.

Tema 8.- O procedemento Administrativo. A capacidade de obrar e o concepto de interesado.

Tema 9.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Requisitos e eficacia dos actos administrativos.

Tema 12.-A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Dos interesados no procedemento administrativo.

Tema 11.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Normas xerais de actuación.Termos e prazos.

Parte específica

Tema 12.- A teoría do desenvolvemento local. A orixe. Os modelos de desenvolvemento local.

Tema 13.- Estrutura territorial, demográfica, económica e produtiva do municipio de Ribadeo.

Tema 14.-Ferramentas de Desenvolvemento Local . A planificación estratéxica e o Marco Lóxico.

Tema 15.-Marketing dixital. Estratexias. Ferramentas. Redes sociais.

Tema 16.- A marca empresarial.

Tema 17.- A lei 13/2010 de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia. Obxecto e ámbito de aplicación. Actividade comercial.

Tema 18.- O e-commerce.

Tema 19.- A lei 13/2010 de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia. Condicións de oferta, prezos e garantía.

Tema 20.- A lei 13/2010 de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia. Ordenación comercial. Establecementos comerciais.

Tema 21.- A lei 13/2010 de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia. Autorización comercial autonómica.

Tema 22.-A lei 13/2010 de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia. Actividades de promoción de venda. Modalidade de venda.

Tema 23.-A lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Disposicións comúns ás subvencións públicas.

Tema 24.- A lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia. O procedemento de concesión de subvencións.

Tema 25.- A lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia. O reintegro de subvencións. Procedemento de reintegro.

Tema 26.- A lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Infraccións administrativas. Sancións.

2.- Exercicio de idioma galego.

Común e **obligatorio** para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego **no nivel CELGA 4 ou equivalente**, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen diccionario, elixido libremente polo tribunal, de castelán ao galego.

A duración da proba será de 10 minutos.

Por cada falta cometida restaranse 0,05 puntos, declarándose non aptos aqueles que cometan 20 faltas ou mais.

Este exercicio valorarase como **APTO ou NON APTO**, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO quedando eliminados do proceso selectivo os declarados non aptos.

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 4 ou superior.**

B) Fase de concurso: Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no **ANEXO I** destas Bases e **sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade.**

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para supera-las probas da fase de oposición.

Esta fase cualificarase o mesmo día fixado para a oposición e antes da celebración desta.

Cualificación final: A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de concurso e dos dous exercicios da fase de oposición.

5.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

Os/as interesados/as en participar presentarán instancia dirixida ao Sr.Alcalde do Concello de Ribadeo facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases.

Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do concello no prazo de **DEZ días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases coa convocatoria deste procedemento no tablón de anuncios do Concello e web municipal / sede electrónica.

Publicarase tamén o anuncio na web da Deputación Provincial de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso realizaranse a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Ribadeo e web municipal www.ribadeo.gal

A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo ou en calquera das formas establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP.

As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.

Ás instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

- Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes extranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- Declaración responsable na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais exixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia)

- Copia compulsada dos méritos e circunstancias alegadas.

- Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.-

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de tres días hábiles pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con especificación no seu caso dos motivos de exclusión.

Dita resolución publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na sede electrónica da páx. web do concello www.ribadeo.gal

Os/as aspirantes excluídos disporán dun prazo de (2) dous días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para subsanar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións a lista de admitidos/as quedará elevada automaticamente a definitiva. No suposto de producirse reclamacións deberá dictarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicarase a lista definitiva no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

8.- ORGANO DE SELECCIÓN.-

Presidente: Titular: Un funcionario ou empregado laboral fixo que terá a categoría igual ou superior ao posto obxecto de selección e o seu suplente correspondente.

Vogais:

Titulares: Tres funcionarios ou empregados laborais fixos coa categoría igual ou superior ao posto obxecto de selección e os seus suplentes correspondentes.

Secretario con voz e sen voto:

Titular: O Secretario Xeral do Concello e o seu suplente correspondente.

A composición persoal deste órgano de selección será aprobada por Resolución da Alcaldía que se exporá ao público no tablon de anuncios do Concello e web municipal aos efectos legais procedentes con antelación suficiente á data de comezo dos exames.

9.- RELACIÓN DE APROBADOS.-

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento e sinatura do contrato correspondente.

10.-LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.-

O RDL 5/2015, de 5 de outubro de aprobación do TR da Lei do Estatuto básico do empregado público.

A Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

R.D. Legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o

Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das AA.PP.

Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

11.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO.

Rematado o proceso selectivo a Alcaldía-Presidencia poderá aprobar unha listaxe de agarda con aquelas persoas presentadas ao proceso, ordenada de maior a menor puntuación no sumatorio total, que resultaran aptos e non obtiveran praza.

Esta bolsa de traballo servirá para o fin de atender a futuras necesidades de persoal temporal que se poida precisar no Concello de Ribadeo.

12.-PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

En cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo y do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes, os datos persoais facilitados a través da instancia e demais documentación aportada, serán tratados polo Concello de Ribadeo aos únicos efectos de tramitar e resolver o procedemento de selección.

As persoas aspirantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e limitación do tratamento, portabilidade e oposición en relación cos seus datos persoais, nos termos establecidos pola Axencia Española de Protección de datos, dirixíndose a:

- Dirección postal: Praza de España,1 27700. Ribadeo, Lugo
- Sede electrónica: <https://ribadeo.gal>
- Delegado Protección de Datos: alcaldia@ribadeo.gal
- Teléfono: 982 128 650

13.- INCIDENCIAS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín correspondente (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; e o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívicos da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, con carácter supletorio.

ANEXO I**B)FASE DE CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS.****a) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.**

a.1) Polo tempo de prestación de servizos en posto semellante nunha administración pública ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0, 20 puntos por mes completo.

A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo órgano competente.

b) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2 puntos.

b.1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas, coa seguinte valoración, ata un máximo de 2 puntos:

- Cursos de 100 ou mais horas.....0,75 puntos.
- Cursos de 70 a 99 horas.....0,50 puntos.
- Cursos de 40 a 69 horas.....0,20 puntos.
- Cursos de 15 a 39 horas.....0,10 puntos.

Ribadeo, 2 de xullo de 2024.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2204

TRIACASTELA*Anuncio*

Mediante Resolución de Alcaldía do 11/07/2024, aprobáronse as bases xerais que rexerán o proceso selectivo para a contratación de un/ha informador/a turístico/apara atención e información ao peregrino no CamiñoFrancésaoseus paso polo Concello de Triacastela ata o 31/10/2024.

O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados na sede electrónica (<https://triacastela.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios (planta baixa da Casa Consistorial do Concello de Triacastela, sita na Pr. Deputación, 1 27630 Triacastela.

Triacastela, 11de xullo de 2024.- M. Olga Iglesias Fontal.

R. 2205